




Pensamento, emoción, Bach e muiñeira vella: isto é Luísa Villalta

Marga do Val, Armando Requeixo e Xurxo Souto reflexionan arredor da vinculación entre poesía e música na obra Luísa Villalta, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024.



Luísa Villalta tocando o violín. Autor: Rafael Villalta. Fonte: Arquivo familiar - Centro Ramón Piñeiro (fotografía obtida a través da RAG).

Noelia Gómez Calvo

21 MAR 2024

“Se o principio foi a palabra, antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica”. Así comeza o prólogo, asinado por Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), que abre o seu primeiro libro de poemas, *Música reservada* (Edicións do Castro, 1991), unha obra onde “a palabra é enerxía en pensamento”. “Pensar, pensar (...) / porque a razón é trágica / como trágico é calquer fin último”. Despois chega *Ruído* (Espiral Maior, 1995), o segundo poemario: “mentres a música se prolonga en ecos interminábeis abrindo-lle portas ao infinito, o ruído é por si mesmo un astro estourado cuxas partículas caen a toda velocidade e se desintegran de súpeto, para ser sempre outra cousa, noutro lugar, con outro valor”, recolle no prólogo. “Calquera que fose o principio de todo, o único seguro é que produciu un ruído”, escribe a poeta da Cidade Alta no ensaio *O outro lado da música, a poesía* (Edicións A Nosa Terra, 1999).

O outro lado da música, a poesía

“Cando penso en Luísa Villalta hoxe en día véxoa como unha muller renacentista”, afirma a súa amiga, a escritora e docente Marga do Val (Marga Romero Lorenzo), nunha conversa no andar superior da librería Couceiro, en Compostela, onde confesa que non lembra con exactitude o instante no que coñeceu á autora homenaxeada no Día das Letras Galegas deste 2024, xa que é como se formara parte da súa vida desde a súa toma de conciencia como galega e como escritora. Ademais, salienta que Villalta adoraba a arte en xeral, e relacionábaa co saber e coa súa maneira de estar no mundo, vinculando tanto poesía con música, fotografía ou teatro.

Para o investigador, profesor e crítico literario Armando Requeixo, responsable da edición de *Pensar é escuro, Poesía reunida* (1991-2004) (Galaxia, 2023), Luísa Villalta é unha poeta e unha escritora que non se entende sen o curso do mundo musical. “A literatura e a música eran as súas grandes paixóns e desde a primeira hora fundiunas e transfundiunas”. “Isto podemos velo ao longo da súa traxectoria literaria, pero tamén noutras facetas como é a actividade propiamente profesional desde o musical”, explica nunha entrevista no Centro Ramón Piñeiro, en Compostela, do cal, alén de investigador, tamén é secretario. Requeixo incide en que precisamente algúns dos primeiros escritos que Villalta publica na súa vida son textos arredor da relación entre música e poesía, como poden ser *A música como arte* (La Voz de Galicia, 1982); *A lingua do son* e *Música observada, conservada e reservada*, ambos de 1987, o primeiro en *Luzes de Galicia* e o segundo en *Grial*.

“O outro lado da música, a poesía debería estar en todos os institutos e non está, debería ser unha referencia fundamental en todos os traballos de crítica ou ensaio literario e non está”, denuncia o músico, escritor, actor e docente Xurxo Souto no Auditorio do Conservatorio de Música de Compostela, que este ano vén de publicar *Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta* (Xerais, 2024). O ensaio da poeta coruñesa é, desde a perspectiva de Souto, un punto de inflexión na

historia da crítica literaria galega e na historia da música galega, onde reivindica a esencial relación entre música e poesía. “Na primeira parte explícanos como todo está codificado polos gregos e na segunda cóntanos a historia da literatura galega en clave musical”, aclara, concretando que Villalta concibía o son e a poesía como dúas formas retóricas do propio son. “Ela denuncia que coa aparición da imprenta a poesía quedou relegada á escrita poética que se pode ler en silencio, considerando que esa era toda a poesía”, subliña. Por outra banda, Marga do Val indica que nesta obra Luísa dálle a man á tradición cultural e á tradición popular: “É marabilloso a onde chega cando describe o que pode ser unha muiñeira na obra de Rosalía ou de Manuel Antonio, e iso faino moi ben porque ela tamén establecía ese tipo de vinculacións na súa obra”.



Retrato de Luísa Villalta nunha praia. Fonte: Arquivo familiar - Centro Ramón Piñeiro (fotografía obtida a través da RAG).

Música reservada e Ruído

En palabras de Requeixo, para Luísa Villalta a música e a poesía nacen da mesma fonte. O inicio do universo humanizado é o son, e ese son esténdese en dous grandes cosmos: o da palabra e o da música: “Eses dous inmensos territorios procúranse sempre nunha reciprocidade que non se entende se non se comprende que son un todo e que un sen o outro non ten sentido”, sinala. “E iso é probablemente o que quixo facer desde *Música reservada*”. “Desde a harmonía, a amplitude, a música máis acabada, máis esférica, pásase a ese outro espazo de son tamén musical que é o *Ruído*, que é o que nos deita no seu segundo poemario”, relaciona o crítico.

Afondando no seu primeiro libro de poemas, *Música reservada*, Xurxo Souto destaca que estamos ante unha obra na que existe unha necesidade de crear unha música propia que saia dos canons, pero que dialogue con eses propios canons.

Con todo, “na conexión coa realidade non é todo harmonía, non é todo a música das esferas, non é todo perfección formal, chega o *Ruído*, o desacougo”, conecta Souto coa segunda creación poética de Villalta. En relación con esta, Marga do Val opina que aquí está, se cadra, o testamento poético de Luísa: “Ese dicir, isto é tamén unha muller que resiste ou haberá poesía en que salvar-se?”, profunda. “Hai unha serie de versos que nos falan da Luísa que está crescendo como poeta, e ese crecer como poeta fai que se afaste un pouco dela mesma”. “É súa máxima unidade entre a música e a poesía”, aclara.

Ademais, como amiga e coñecedora de teimosía pola perfección da futura homenaxeada no Día das Letras Galegas deste 2024, Marga do Val recorda que cando Villalta lle deu un exemplar da primeira edición de *Ruído*, ía corrixida a man, por ela mesma, unha gralla nunha letra grega. “Corrixiu a man todos os exemplares das subscritoras e dos subscritores de *Espiral Maior*. Este é un exemplo de como coidaba e mimaba os seus libros”, resalta.

Música reservada e *Ruído*, así titulou Luísa Villalta os seus primeiros poemarios. “No medio, entre ambos, está o silencio, que é moi importante tamén na poesía e na escrita en xeral de Luísa. Ela ten tamén dalgún xeito unha poética do silencio”, reflexiona Armando Requeixo. “Ese silencio é o contraste necesario para que entendamos a produción do non silencio, é dicir, do son, é a amalgama para comprender toda esta escrita e outra que produciu ao longo da súa vida”, engade.

O terceiro son

Ao remate de *Ruído*, Luísa Villalta fai referencia ao “terceiro sonido”. Tal como lembra Requeixo, en sentido máis lineal, alude a unha realidade dun intérprete que era capaz de crear música nun instrumento que non producía un son primario senón un son secundario, mesmo un terceiro son resultante. Dese xeito, “ela utiliza esa metáfora para explicar, segundo o meu modo de ver, cal é a súa visión integral do todo, do mundo da creación e tamén da súa propia vida. Entre a harmonía, a música, a música reservada se se quere tamén, e a disonancia e caos, o fragmentario, o non harmónico que é o ruído, entre eses dous extremos está a posibilidade dese terceiro son, que sería xustamente a fusión e creación dun espazo que os reunisen como polos nun todo autoconsistente que é a propia vida sensitiva, a vida artística”. “Esa creo que é a gran lección filosófico-poético-musical de Luísa: hai que procurar unha vida en plenitude, unha vida sensible no artístico e iso está catalizado a través desa terceira vía, dese terceiro son”, engade.

En opinión de Xurxo Souto, ese terceiro son non é outro que a “pura emoción”: “Luísa Villalta lévanos cara a ese mundo do son, cara a ese mundo da plenitude, cara a ese mundo da vibración cósmica porque Luísa foi unha auténtica revolucionaria”, defende, “unha muller absolutamente apaixonada e plena que desde a percepción formal transmitiu a revolución”. Regresa á mente de Souto unha conversa que tivera coa poeta no programa *A tropa da tralla*, que dirixía en *Radio Coruña*, ao que Villalta acudiu varias veces. Nunha ocasión a autora contou unha anécdota que lle acontecera ao remate dunha actuación co grupo Escaino, composto por ela, Luísa Villalta, Juan Fernán Vello, Paulino Pereiro e Xosé Luís Pereiro: “Un señor maior que tocaba o violín con só dúas cordas montou a

revolución da emoción alí, e ao finalizar dixo: que bonito sería saber tocar o violín”. “Luísa comentaba que lle deu unha gran lección, porque ela tiña a técnica e o académico, e o señor non tiña nada de técnica pero toda a emoción”.



Luísa Villalta (violín), Juan Fernán Vello (percusión), Paulino Pereiro (fruta traveseira) e Xosé Luís Pereiro (clarinete), integrantes do grupo Escaino, durante unha actuación. Campos da Torre de Hércules (1980). © Xoan Piñón.

Bach e Hildegard von Bingen

Bach era un dos compositores favoritos da poeta da Cidade Alta. “Ela amaba a Bach, era un compañeiro inseparable e unha inspiración e, dalgún xeito, tamén podemos dicir que Luísa é a poeta de Bach”, confesa Requeixo. Nese senso, Marga do Val comenta: “Recordo chamala cando estiven a primeira vez en Leipzig, na igrexa onde está enterrado Bach, e mandarlle unha fotografía, porque emocionáballe moito as Sarabandas de Bach”. A escritora tamén menciona a especial vinculación que Villalta tiña con Hildegard von Bingen: “Eu vivín na zona de Bingen, e coñecín Disibodember onde ela entrou con 7 ou 8 anos”. “A min gustábame moitísimo falar con Luísa de Hildegard, porque foi algo que nos uniu, como eu vivía alí e a ela lle gustaba moito as súas sinfonías, faláballe das súas visións, dos libros que escribira e desa lingua que inventou, porque debeu ser das primeiras persoas no mundo que inventou unha lingua descoñecida”.

Ante a pregunta arredor da música que podería ser Luísa Villalta, Xurxo Souto sinala ben alto e claro: “Unha muiñeira vella berghantiñá”. “Tamén podía ser unha obra de Béla Bartók e, sobre todo, calquera obra referida á música das esferas de Bach”. E remata: “Bach e muiñeira vella, iso é Luísa Villalta. Perfección formal

absoluta, paixón e cheiro popular. Esa síntese é moi difícil de facer pero ela conseguíuno”.